



O CONCELLO DE NIGRÁN ORGANIZA UNHA ANDAINA SEGUINDO O CAMIÑO PORTUGUÉS QUE REMATARÁ NA NOVA PRAZA PÚBLICA DE PRIEGUE ADICADA AOS PEREGRINOS

Situada entre Maestra Emérita e Pablo Iglesias, servirá coma o último punto de esparcemento dos peregrinos antes de deixar Nigrán

"Revitaliza un espazo antes completamente degradado para convertilo nun punto de encontro da veciñanza e dos camiñantes", sinala o alcalde, Juan González

Nigrán, 20/10/16.- O Concello de Nigrán organiza mañá sábado unha andaina seguindo o Camiño portugués pola costa que arrancará ás 17:30 da Ponte da Ramallosa e rematará ao redor das 20.00 horas na nova praza pública de Priegue, adicada precisamente aos peregrinos. O goberno local quere promover estes dous lugares, na Ramallosa e Priegue, como dous puntos emblemáticos do municipio ao representar o tramo inicial e final do Camiño ao seu paso por Nigrán.

A nova praza, realizada íntegramente por operarios municipais entre as rúas Maestra Emérita e Pablo Iglesias, tivo un custo de 10.000 euros e supón a rexeneración dunha zona completamente degradada. O Concello levouna a cabo co obxectivo de crear máis puntos de encontro para a veciñanza e de que sirva de lugar de esparcemento dos peregrinos, que poden descansar contemplando as vistas cara as illas Cíes. "despedida..."

Un gran camelio presidirá a nova praza, que estará delimitada na súa contorna con pedra, ademáis, contará con bancos e iluminación e se rematarán as beirarrúas. O Concello de Nigrán aposta así por un proxecto municipal realizado con fondos propios fronte ao deseño desproporcionado e de elevado custo do anterior goberno.



Concello de Nigrán

NOTA DE PRENSA

“Queremos xerar puntos de encontro da veciñanza e revitalizar espazos degradados, unha filosofía que tamén levaremos a outros puntos do municipio”, asegura Juan González, alcalde de Nigrán.